

Tema 3. A Primeira Guerra Mundial

1. AS CAUSAS DA GUERRA.

1.1. Rivalidades entre potencias.

As relacións entre Francia e Alemaña eran moi tensas polas reivindicacións territoriais sobre Alsacia e Lorena perdidas por Francia na guerra franco-prusiana. Esta inimizade reavivouse a comezos do séc.

XX a causa das rivalidades coloniais. A isto hai que engadir as diferencias entre rusos e austro-húngaros polo control dos Balcáns.

Tamén as rivalidades económicas xeraron un clima de enfrontamento notable impulso das relacións comerciais e financeiras, especialmente Reino Unido e Alemaña, provocou en ocasións unha «batalla económica» por conseguir novos mercados. Alemaña considera que para impulsar o seu rápido desenvolvemento industrial necesitaba un imperio colonial no que situar súas manufacturas. Pola súa parte, Reino Unido vía no expansionismo alemán unha ameaza para o seu imperio colonial e para a súa hexemonía comercial. Un punto importante na desconfianza de Reino Unido radicaba na política naval xermana, que tiña como obxectivo crear unha poderosa mariña de guerra equiparable á británica.

1.2. A formación dos bloques.

A partir de 1907 as potencias europeas van a estar divididas en dous bloques opostos: a Tripla Alianza e a Tripla Entente.

Tras a dimisión de Bismarck en 1890, o emperador Guillerme II e o seu goberno déronlle un xiro á política exterior alemá coa Weltpolitik que se caracterizou por un nacionalismo expansionista, o militarismo e o desenvolvemento dunha poderosa frota de guerra.

A Tripla Alianza, formada por Alemaña, Austria-Hungría e Italia, creouse en 1882. Os seus obxectivos foron lograr un equilibrio en Europa favorable a Alemaña; illar diplomaticamente a Francia e evitar así calquera intento francés de desquite tras a humillante derrota de 1871; asegurar aos austríacos a protección da súa fronteira en caso de conflito con Rusia nos Balcáns, mentres Italia recibía garantías fronte a un ataque francés. Este bloque perdeu a Italia, logo da ocupación italiana de Libia, que a enfrontou co Imperio turco e con Austria.

O outro bloque, a Triple Entente, formado por Francia, Rusia e Reino Unido, constituíuse en 1907 a través dunha serie de acordos:

- En 1893 Francia e Rusia asinan un pacto militar polo que se comprometían a mobilizar as súas tropas no caso de ser atacadas por un membro da tripla alianza. Así, Francia logra romper o seu illamento.
- Reino Unido e Francia asinaron a Entente Cordiale en 1904, pola que Francia renunciaba ás súas ambicións sobre Exipto a cambio do apoio británico á aspiración francesa de establecer un protectorado sobre Marrocos. Desta forma, Francia e Reino Unido daban por resoltas as súas rivalidades coloniais. Con esta alianza, ademais, Reino Unido pensaba contrarrestar o poderío naval alemán. En 1907 adheriuse a esta alianza o Imperio ruso, e formouse a Tripla Entente.

Este sistema de alianzas en si mesmo non implicaba un paso cara a unha guerra. Pero, lonxe de ser un elemento «disuasorio», converteuse nun instrumento cada vez máis incontrolable a medida que se desestabilizaba a situación internacional.

A carreira de armamentos constituíu outro paso decisivo cara ao conflito bélico, as potencias europeas dobraron os seus efectivos militares de terra e mar. Estableceuse o servizo militar obrigatorio, que permitía unha mobilización de tropas masiva e rápida. Ademais, mellorou moito a tecnoloxía armamentística grazas á aplicación militar dos grandes avances da Segunda Revolución Industrial. O punto culminante desta etapa, que foi denominada «**Paz Armada**», produciuse nos anos que precederon á guerra.

A **carreira de armamentos** causou grande inquietude na opinión pública. Os Gobernos e os seus Estados Maiores víronse forzados a insistir no perigo inminente de guerra para xustificar as políticas ante a poboación. En Alemaña e Francia as ligas nacionalistas desataron unha campaña de exaltación bélica, pero só arrastraron a unha minoría de partidarios do enfrontamento.

Tema 3. A Primeira Guerra Mundial

1.3. Os enfrontamentos coloniais.

O escenario foi o norte de África, en concreto Marrocos, e o país protagonista, Alemana.

En 1905 desatouse a primeira crise marroquí. Alemaña negouse a aceptar o acordo entre Francia e Reino Unido de repartir ese territorio entre España e Francia, por considerar que prexudicaba os seus intereses. Acordouse recoñecer a independencia de Marrocos, aínda que de feito se establecía un protectorado franco-español. O resultado da crise foi favorable a Francia, que saíu fortalecida da súa alianza co Reino Unido.

En 1911 de novo reproduciuse o enfrontamento. Asinou un acordo polo que Francia entregaba a Alemaña unha parte importante da súa colonia de Camerún, unha vez que Alemaña recoñeceu o protectorado francés e español sobre Marrocos. A solución desta segunda crise marroquí decepcionou a Alemaña.

1.4. “A cuestión de Oriente”.

O seu escenario era a zona dos Balcáns, ocupada polo Imperio turco, cada vez máis débil. Distintos pobos (Serbia, Grecia, Romanía, Bulgaria) levantáronse contra os turcos e lograron a independencia. A debilidade turca alentou as ambicións dos Imperios austrohúngaro e ruso nesa zona.

Sucedéronse tres crises nos Balcáns que puxeron a proba os sistemas de alianzas europeos. En 1908 o Imperio austrohúngaro anexionou Bosnia e Herzegovina, o que provocou a protesta de Serbia, que aspiraba a unir a todos os pobos eslavos do sur. A actitude do Reino Unido, que se mantivo á marxe, o pouco interese de Francia por intervir no conflito e a debilidade rusa obrigaron os serbios a ceder. En 1912 Serbia, Montenegro, Bulgaria e Grecia, apoiados por Rusia, formaron unha Liga Balcánica para repartir entre elas os territorios balcánicos que posuían os turcos. A Liga derrotou o Imperio turco, forzándoo a recoñecer a independencia de Albania e ceder o resto dos territorios. A repartición entre os membros da Liga Balcánica destes restos do Imperio turco orixinou, en 1913, unha nova guerra entre Bulgaria e Serbia, esta última apoiada polo resto dos Estados balcánicos. A derrota de Bulgaria produciu unha nova reordenación destes territorios. Serbia ampliou as súas fronteiras e Rusia acrecentou a súa influencia nos Balcáns, mentres que Austria e Alemaña viron reducido o seu poder na zona.

Esta situación foi o precedente dunha nova e definitiva crise.

1.5. O detonante da guerra, a crise de xullo de 1914

O 28 de xuño de 1914 produciuse o asasinato do herdeiro da coroa austrohúngara, o arquiduque Francisco Fernando, e a súa muller en Saraievo (Bosnia). O autor foi un estudante bosnio, Gavrilo Princip, pertencente a unha sociedade proserbia coñecida como a «Man Negra», que aspiraba a unir a todos os pobos eslavos do sur. Este atentado foi o pretexto desexado por Austria para esmagar o nacionalismo serbio. O 23 de xullo o Goberno austrohúngaro enviou un ultimato a Serbia, co consentimento alemán.

O 28 de xullo Austria declaroulle a guerra a Serbia. Rusia, que non podía aceptar unha hexemonía austríaca nos Balcáns, mobilizou as súas tropas o 30 de xullo. Alemaña e Francia decidiron apoiar os seus respectivos aliados.

O 4 de agosto Reino Unido decidiu intervir ante a penetración de tropas alemás en Bélxica, violando a súa neutralidade. Polo contrario, Italia, aliada de Austria-Hungría e de Alemaña, mantívose neutral.

2. A GRAN GUERRA.

Os países que iniciaron a Primeira Guerra Mundial pensaron que o conflito sería curto e localizado. Pero a guerra que comezou en agosto de 1914 caracterizouse pola súa longa duración, catro anos, porque implicou a todo o mundo e pola aparición de novas tácticas e técnicas bélicas.

2.1. Forzas enfrontadas e escenarios do conflito

En agosto de 1914 estalaba a Gran Guerra, que enfrontou, dun lado, os imperios centrais (Alemaña e Austria-Hungría) e, doutro, a Tripla Entente (Francia, Rusia e Reino Unido).

No momento do estalido, as forzas terrestres da Entente eran superiores desde o punto de vista numérico, pero esta diferenza era ficticia. A posición estratéxica de Alemaña e Austria-Hungría no centro de Europa favoreceu o movemento das súas tropas, mentres que a Entente e os seus aliados estiveron fragmentados en dúas fronteiras sen

Tema 3. A Primeira Guerra Mundial

comunicación terrestre posible. O exército alemán superaba claramente ao francés en artillaría pesada de campaña e vehículos automóbiles; con todo, existía un relativo equilibrio armamentístico entre os dous bloques.

Polo que se refire ás forzas navais, os países da Entente, e sobre todo Reino Unido, foron dominantes. Iso conduciu os alemáns á guerra submarina como única forma de contrarrestar a superioridade naval británica e francesa, esta última no Mediterráneo.

Os dous bloques buscaron ao longo da guerra novos aliados, o que significou a mundialización do conflito. Na guerra participaron catorce países europeos coas súas respectivas colonias, que se estendían polos cinco continentes, máis Xapón e Estados Unidos. Foi a primeira vez que unha guerra afectou a un territorio tan amplo e iso influíu decisivamente na prolongación do conflito.

2.2. Características da guerra

A guerra de 1914-1918 foi a primeira «guerra total» da Idade Contemporánea, en que se utilizaron todos os recursos humanos, económicos e técnicos dos países contendentes. Mobilizáronse case setenta millóns de soldados. Os avances técnicos e industriais do último terzo do século XIX puxéronse ao servizo da fabricación dun armamento moderno e mortífero (ametralladoras, acoirazados, submarinos, gases, carros de combate, aviación).

En todos os países belixerantes impúxose unha economía de guerra dirixida polos Estados. A industria centrouse en cada país en abastecer de armas e municións ao exército; mentres que a poboación civil sufriu racionamento e penurias. Por outra parte, a elevada mobilización de soldados para a guerra obrigou a acudir ás mulleres para o traballo nas industrias e noutros sectores tradicionalmente masculinos. Para obter recursos cos que sufragar os elevados gastos militares, os gobernos recorreron á emisión de débeda pública e aos préstamos do exterior.

Outra característica deste conflito foi o uso da propaganda para inflamar o patriotismo e estimular a resistencia da poboación civil e dos soldados, e para minar a moral do inimigo.

2.3. As fases da guerra.

➤ 1914. A guerra de movementos.

O plan alemán pretendía un triunfo rápido na fronte occidental, derrotando o exército francés nas primeiras semanas da guerra, para despois centrar todo o seu esforzo na fronte rusa. Os alemáns penetraron en territorio francés nos primeiros momentos, pero os aliados detiveron o avance alemán mediante unha contraofensiva (batalla do Marne). Esta batalla foi un triunfo limitado do exército francés, xa que fixo fracasar o plan alemán dun avance rápido e unha guerra curta. Produciuse así a estabilización da fronte occidental.

A finais de agosto de 1914, na fronte oriental, as tropas rusas invadiron Prusia Oriental e sorprendéron os alemáns, obrigándoos a retirar catro divisións da fronte occidental. A contraofensiva alemá logrou unha importante vitoria sobre os rusos que freou o seu avance. A pesar dos éxitos parciais austroalemáns, esta fronte estabilizouse.

➤ 1915-1916. A guerra de posicións ou de trincheiras

A partir de 1915 a guerra de movementos deixou paso á guerra de posicións ou de trincheiras. As fronteas estabilizáronse e os exércitos fixaron as súas posicións; levantaron barreiras de arame, para impedir o avance do inimigo, e protexéronse en gabias (trincheiras).

Desde finais de 1914 entraron na guerra o Imperio turco e Bulgaria a favor dos imperios centrais; e Xapón, Italia, Romanía e Grecia do bando dos aliados. Con iso abríronse novas fronteas secundarias: a fronteira austro-italiana e o Próximo Oriente.

A estabilización das fronteas fixo que se tivese que recorrer a novas tácticas: intentar abrir fendas ou debilitar a forza do adversario. As ondas de soldados que intentaban asaltar as liñas de arame espiñento eran varridas por un intenso fogo de artillaría e de metraladoras, e para atacar os soldados nas trincheiras lanzábanse granadas de man e usábanse lanza-chamas. Outra innovación foi o uso dos tanques para pasar sobre os aramados. Un dos aspectos característicos desta guerra total foi a guerra química, co emprego de gases venenosos.

A guerra de desgaste caracterizou o ano 1916 e tivo o seu principal escenario na fronte occidental. A batalla de Verdún, planeada polo Estado Maior alemán, reflectiu a nova táctica, que trataba de debilitar ao máximo

Tema 3. A Primeira Guerra Mundial

o inimigo para obrigalo a asinar a paz. Verdún supuxo un fracaso para o exército alemán e un exemplo de violencia sen precedentes (máis de 500.000 mortos entre ambos os bandos). Despois, os aliados lanzaron un ataque semellante no Somme, que terminou cun número de baixas aínda maior e sen que ninguén lograse a vitoria.

No mar, as frotas británica e alemá loitaron na batalla de Xutlandia, que se saldou con vitoria británica. Por iso, Alemaña intensificou a guerra submarina: os seus somerxibles afundían os barcos dos aliados ou dos que comerciaban con eles.

➤ **1917-1918. A ofensiva final.**

En 1917 dous feitos contribuíron a cambiar o rumbo da guerra: a intervención de Estados Unidos e a revolución en Rusia.

- A guerra submarina indiscriminada de Alemaña comezou a prexudicar os exportadores estadounidenses e o prestixio nacional. O 2 de abril de 1917 o presidente de Estados Unidos, Wilson, anuncioulle ao Congreso a súa resolución de intervir na contenda. Esta intervención supuxo unha gran vantaxe para os aliados.
- En Rusia, os bolxeviques, partidarios dunha paz por separado, tomaron o poder en outubro de 1917 e en decembro asinaron un armisticio con Alemaña como preludio do **Tratado de paz de Brest-Litovsk** (marzo de 1918). Con este acordo púxose fin á guerra na fronte oriental.

Tras a sinatura da paz con Rusia as mellores divisións alemás trasladáronse do leste ao oeste e, aproveitando a súa superioridade numérica inicial, desencadearon varias ofensivas. Pero a chegada masiva de tropas e equipamentos estadounidenses permitiulles aos aliados realizar un contraataque marcado polo uso de numerosos carros de combate que protexían a infantaría no seu avance. Os aliados recuperaron todo o terreo perdido mentres as tropas alemás se prepagaban.

Nas outras fronteas, os aliados derrotaron os búlgaros, turcos e austrohúngaros. Entre o 26 de setembro e o 3 de novembro asinaron o armisticio Bulgaria, Turquía e Austria-Hungría.

Pola súa parte, o exército alemán derrubouse, non só polas derrotas na fronte, senón tamén pola grave situación económica e os problemas sociais na retagarda, onde se producían continuos actos de protesta e de rebelión entre a poboación civil, especialmente entre os obreiros industriais. O alto mando militar alemán aconsellou ao emperador Guillerme II asinar un armisticio, pero o káiser abdicou o 9 de novembro ao tempo que se proclamaba a república. O novo Goberno, dirixido polo Partido Socialdemócrata, asinou o armisticio o 11 de novembro de 1918. A Primeira Guerra Mundial rematara.

3. OS TRATADOS DE PAZ.

3.1. Os Catorce Puntos de Wilson

En xaneiro de 1918, o presidente estadounidense, Thomas **Wilson**, expuxo os catorce puntos polos que, segundo el, habería de rexerse unha paz xusta e duradeira. Os seus obxectivos eran:

- A liberdade de navegación e de comercio internacional.
- A redución de armamento.
- A desmembración dos vellos imperios e o recoñecemento do dereito á independencia ás minorías que formaban parte destes imperios.
- A creación dunha Sociedade de Nacións.

Pero estes puntos non se respectaron, pois os aliados europeos estaban máis preocupados por defender os seus propios intereses que por lograr unha paz xusta. Francia, a máis prexudicada pola destrución, esixía que Alemaña pagase as reparacións de guerra.

Tema 3. A Primeira Guerra Mundial

3.2. A Conferencia de Paz de París: O Tratado de Versalles.

Na **Conferencia de Paz de París** elaboráronse os cinco tratados que estipulaban as condicións da paz e as novas fronteiras. Os países vencidos non foron escoitados e só foron chamados para asinar as condicións impostas polo Consello dos Catro, formado polos dirixentes das grandes potencias vencedoras: Francia, Reino Unido, Estados Unidos e Italia.

De todos os tratados asinados en París, o Tratado de Versalles, que regulou a paz con Alemaña, foi o máis importante. Pola súa dureza, o Estado e o pobo alemán considerárono un **diktat**.

- Alemaña sufriu fortes recortes territoriais: tivo que ceder Alsacia e Lorena a Francia, tamén se creou un «corredor polaco», coa «cidade libre» de Dantzig, que separaba Prusia Oriental do resto de Alemaña. Perde as colonias.
- Considerouse a Alemaña responsable do estalido da guerra e, en consecuencia, tivo que pagar fortes reparacións de guerra para compensar as destrucións causadas aos países vencedores.
- Tivo que entregar a súa frota mercante e as súas locomotoras, e ceder a Francia a explotación das minas de carbón do Sarre durante quince anos.
- Obrigóuselle a suprimir o servizo militar obrigatorio e a limitar o seu exército a 100.000 homes.
- Para previr calquera intento de desquite, os aliados ocuparon a beira esquerda do Rhin durante quince anos, transcorridos os cales a zona quedaría desmilitarizada.
- Prohibiuse a unión de Alemaña con Austria.

3.3. A Conferencia de Paz de París: os outros tratados.

Os tratados de Saint-Germain, Trianon, Neuilly e Sèvres estableceron unha nova organización das fronteiras europeas. Os grandes imperios, austrohúngaro e turco desapareceron, desmembrándose en diferentes Estados:

- Do Imperio austrohúngaro xurdiron tres novos países: Austria, Hungría, Checoslovaquia, e creouse Iugoslavia sobre a base do reino de Serbia.
- Os territorios do Imperio turco convertéronse en mandatos confiados ás potencias vencedoras: Iraq e Palestina pasaron ao control de Inglaterra e Líbano e Siria á supervisión de Francia. Turquía quedou reducida a Anatolia e a cidade de Istambul.

A Revolución de Outubro de 1917 acabou definitivamente co Imperio ruso dos tsares. E con este novo panorama político formouse un «cordón sanitario» arredor de Rusia para impedir o «contaxio» da Revolución bolxevique, cos territorios que o país dos soviets perdeu no Tratado de Brest-Litovsk: Polonia, Finlandia, Estonia, Letonia e Lituania, que se converteron en Estados independentes.

4. AS CONSECUCENCIAS DA GUERRA.

4.1. Consecuencias demográficas

As perdas en vidas estímase en máis de oito millóns de mortos e máis de vinte millóns de feridos e mutilados, aos que hai que engadir as baixas de forma indirecta polo conflito. Ademais, as privacións alimenticias e as carencias sanitarias facilitaron a propagación da gripe de 1918, que provocou a morte de 22 millóns de persoas en todo o mundo.

Estas perdas demográficas implicaron ademais un descenso da natalidade nas xeracións posteriores e, con iso, unha diminución da poboación activa.

4.2. Consecuencias económicas

Os seus efectos notáronse en todo o sistema produtivo, coa destrución dos medios de produción (industrias, zonas cultivadas) e dos transportes (ferrocarril, estradas).

Tema 3. A Primeira Guerra Mundial

Para financiar a guerra, os gobernos incrementaron de forma espectacular a súa débeda pública interna e pediron préstamos bancarios no exterior, principalmente a Estados Unidos, ao que os países aliados deberon uns 12.000 millóns de dólares.

Por todas estas razóns, a Primeira Guerra Mundial significou a perda definitiva da hexemonía europea na economía mundial en beneficio de Estados Unidos e de Xapón. Estados Unidos converteuse na primeira potencia económica do planeta. A súa produción industrial e o seu produto nacional bruto case se duplicaron, e o dólar substituíu á libra esterlina como principal moeda internacional.

5. A SOCIEDADE DE NACIÓNS

A Sociedade de Nacións foi unha organización internacional fundada ao final da Primeira Guerra Mundial por iniciativa do presidente estadounidense, Wilson. O seu obxectivo era o mantemento da paz, a seguridade colectiva, o desarmamento e a cooperación económica e cultural entre os diversos Estados do mundo.

Foi unha organización fráxil, xa que non dispoñía nin de exército nin de capacidade executiva para forzar o cumprimento das súas resolucións. Ademais, non se permitiu a adhesión dos vencidos nin da Rusia soviética.